

ACCATTONE

[Pier Paolo Pasolini, 1961, Italia, 116 min., VOSE]

Lingua **Italiano**

Dirección **Pier Paolo Pasolini**

Guión **Pier Paolo Pasolini, Sergio Citti**

Montaxe **Nino Baragli**

Fotografía **Tonino Delli Colli**

Música **Carlo Rustichelli**

Son **Luigi Puri**

Reparto **Franco Citti, Silvana Corsini, Franca Pasut, Paola Guidi, Adriana Asti, Mario Cipriani, Roberto Scaringella, Adele Cambria**

Produción **Cino del Duca P.C, Arco Film (Italia)**

Distribución **Classic Films**

Mentres Accattone pasa o día nas tabernas, Maddalena, a muller coa que vive, debe exercer a prostitución para mantelo. Cando ela é detida e encarcerada, Accattone, privado do seu medio de subsistencia, vese condenado a levar unha vida miserable. Mesmo debe pedir axuda á súa esposa lexítima, Ascenza, á que abandonou hai anos.

SESIÓNS DE XUÑO: PASOLINI / SEIDL

Martes 4 **RIMINI**

(Ulrich Seidl, 2022, Austria, 115 min., VOSE)

Martes 10 **PAXARIÑOS E PAXAROLOS**

(Pier Paolo Pasolini, 1966, Italia, 87 min., VOSE)

Martes 11 **SPARTA**

(Ulrich Seidl, 2022, Austria 99 min., VOSE)



ACCATTONE

PIER PAOLO PASOLINI

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA

«Que é a fame?
Un vicio, unha impresión»
(Accattone)

ENTREVISTA A PASOLINI POR JOSÉ ÁNGEL CORTÉS

Con respecto ás súas obras literarias que despois levou ao cine, que tipo de relación mantén? Eu creo que varía a estrutura formal, pero que a intención en ambas formas será a mesma. Non é así. En primeiro lugar, a relación entre a literatura e o cine pode darse só a nivel de contido ou a nivel espiritualista, e ningún dos dous me satisfai. En segundo lugar, eu escribín as miñas novelas nunha época determinada, nos anos cincuenta, mentres que os meus filmes comeceinos a facer nos sesenta. Ás veces a diferenza entre un decenio e outro é moi profunda, pero outras veces existe un auténtico salto histórico. Coma antes e despois da Revolución Francesa. Por poñerlles un exemplo: os anos cincuenta son os anteriores á revolución neocapitalista. Por iso se comprende que o que eu escribín nas miñas novelas é historicamente diferente ao que expresei nos meus filmes. Demóstrao o profundo salto estilístico entre *Accattone* e *Una vita violenta*. Esta atópase dentro dun mundo estilístico e cun contido típico da posguerra, coa denuncia dunha parte da sociedade italiana, o baixo proletariado que vive de maneira inxusta e atroz en pobres barrios como ghettos. Estilisticamente todas as referencias son típicas de posguerra. *Accattone*, pola contra, é infindamente máis unilingüístico. Mesmo no tecido colectivo do seu contido existen máis elementos ca en *Una vita violenta*. Estes son de tipo relixioso, contraditorios, mentres que *Una vita violenta* pode colocarse perfectamente nunha literatura de tipo marxista, aínda que bastante ortodoxa, bastante próxima á liña do Partido Comunista Italiano. *Accattone*, ao tempo, está xa fóra, porque representa unha contradición. Xunta a acusación dun tipo de vida inxusta como o que ten lugar nos barrios baixos romanos, con todos os elementos sociais implicados, existe unha certa liña individual pola cal este baixo proletariado pode acadar a súa salvación humana, espiritual, con independencia das determinacións sociais. Hai unha conexión entre o político e o relixioso que nas miñas novelas non existe.

Á crítica sorprendeulle bastante cando se estreou *Accattone* a súa madurez técnica, quizais de narración. Era e é un misterio, mesmo para min. Ata o momento en que rodei a primeira escena de *Accattone* non sabía que diferenza existía entre un obxectivo e outro. Non sabía nada. Construín inventando, inventando a técnica. Aprendendo a facer o oficio. É un pouco inexplicable. Será unha cualidade, unha cualidade innata de poder facer cine. Evidentemente, aquí entramos na zona do irracional, do absurdo, onde eu non podo andar máis ca ás toas.

Cal é a súa opinión sobre o neorrealismo? O neorrealismo é, en aparencia, un movemento poético cinematográfico cuxo fundamento é o desenmascaramento da Italia fascista. Nace da resistencia, da posguerra. É dicir, nace da caída do fascismo. Mentres Italia e a realidade italiana estiveran completamente mistificadas por obra e graza do fascismo, o neorrealismo non é máis cá humilde realidade cotiá dos obreiros, da xente pobre. Este é o momento positivo, o momento en que se une directamente á resistencia.

Momento de documento. Si, máis ou menos documental, pero a este momento engádenselle outros que, efectivamente, son contraditorios. O neorrealismo, en realidade, non se afasta da psicoloxía italiana baixo o fascismo ou baixo a democracia. No neorrealismo existen fases naturalista-intimistas, típicas de toda a literatura italiana. Estes intres son os que representan a debilidade do neorrealismo. De feito, se examinamos na moviola os filmes neorrealistas, veremos que o movemento estilístico prevalente é o plano-secuencia, que é o elemento técnico máis naturalista de todos os do cine. Contemplo este momento do cine italiano, dando un xuízo positivo ou negativo, constatando o que era. Debo dicir que tivo unha gran importancia, xa que o neorrealismo non rematou aínda. De feito, a través do mito dun Rossellini intelectualizado, pasou a Francia, orixinando a *nouvelle vague* francesa, sobre todo con Godard; facilitou o cinema inglés e agora estalle dando vida ao cinema americano. Un neorrealismo que pasou de Rossellini a Godard e que se reflectiu de volta en Italia. É un movemento dunha extrema importancia histórica, historiográfica.

Ata que punto cre vostede que o neorrealismo influenciou a súa obra? Ata que punto *Accattone* e *Mamma Roma* poden ser un intento de neorrealismo? Opóñense completamente ao neorrealismo. Conservan do neorrealismo aqueles elementos que consideramos positivos politicamente, é dicir, aquela parte documental e de denuncia. Mais opóñense estilisticamente ao neorrealismo. De feito, nestes dous filmes desapareceron os planos-secuencia. Son filmes realizados con base na montaxe, segundo o mito de Eisenstein. Están rodados en pequenas partes, primeiros planos, breves panorámicas de paisaxes; posteriormente é reconstruído na montaxe, cun ritmo que non ten nada de naturalista. O seu ritmo defínnoo como *sacrale*, porque é frontal, solemne, hierático como certas obras románicas ou como certas cousas de Massacio. Pola falta de intimismo e de naturalismo afástase profundamente do neorrealismo.